cg
CONCELLOS GALEGOS
número 12
decembro/xaneiro 2013
segunda época
Publicación trimestral da Federación Galega de Municipios e Provincias

Mapa de Emerxencias

Xunta e Fegamp acadan un histórico acordo que profesionaliza o servizo en toda Galicia

Financiamento Local

Análise da participación dos concellos nos ingresos da Xunta e o Estado para 2013

Lei de Bases

O Goberno suaviza a súa postura

Eléctricas

Unha queixa xeneralizada

Fondo Galego de cooperación e solidariedade | Actualidade | Formación | Axudas e subvencións...

COESCO formación

Centros homologados

Desenvolvemento de proxectos formativos adaptados a cada necesidade en centros propios ou a través de aulas itinerantes

A formación onde se precise

Grupo sociser®

Carta do presidente

Este comezo de ano faino cun acordo para modernizar e profesionalizar as emerxencias de Galicia que tiñamos pendente desde 2006. Probablemente foi un erro non aproveitar o ciclo expansivo da economía para abordar esta cuestión, que tan de preto nos afecta aos concellos, xa que somos a administración máis próxima ao cidadán e á que primeiro recorre en caso de dificultade. Conscientes das nosas responsabilidades, damos un paso máis no cumprimento do Pacto Local.

Creo sinceramente que alcanzamos un logro de enorme importancia, porque reforza ademais a política de cooperación e colaboración que o municipalismo galego veu adoptando *motu proprio* desde que comezou a crise económica. Son consciente de que haberá alcaldes que preferirían manter aqueles obsoletos "grumir", de marcado carácter local. Non os culpo, porque o modelo que agora enterramos deu os seus froitos e funcionou positivamente. Pero a súa continuidade era insostible.

O era porque os "grumir" estaban financiados cuns fondos europeos que están chamados a desaparecer a finais deste ano. E tiñamos que consolidar unha fórmula que garantise os servizos de emerxencias cun custo sustentable para os concellos. O era tamén porque no contexto actual non existen fronteiras administrativas entre concellos veciños. E se se comparten servizos como a recollida de lixos, a auga ou a asistencia social, non se entendía que non se puidesen empregar fórmulas similares para as emerxencias. Por tanto, non caben temores respecto de posibles desasistencias, aínda que todo modelo sempre é mellorable.

Non quero pasar a ocasión sen referirme unha vez máis á reforma da Lei de Bases de Réxime Local, cuxo anteproxecto estará a piques de ver a luz no momento en que este número da revista estea na rúa. Algunhas cousas de calado modificáronse desde o primeiro informe elaborado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Outras non, pero tanto a Fegamp como a FEMP confiamos en que a negociación aberta cos representantes lexítimos dos municipios dean froitos e teñan como resposta modificacións significativas.

Pero sobre todo, queremos que canto antes se regule a cuestión dos salarios de alcaldes e concelleiros para resolver un interesado debate social e mediático que está a impedir abordar os verdadeiros problemas do municipalismo: un financiamento raquítico e unhas competencias indefinidas. En Galicia, queremos dar este debate con cifras moi claras: o 82% dos concelleiros non percibe un euro dos concellos. Isto é bo que se saiba porque aclara moitos prexuízos e falsos tópicos.

Este non debe ser o punto final da reforma, senón un punto e seguido. E nel estará a Fegamp, como veu facendo desde que se creou, hai agora 25 anos.

José Manuel Rey Varela
Presidente da Fegamp
Alcalde de Ferrol

CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

decembro/xaneiro 2013
número **12**
segunda época

Coordinación e redacción
José Luis Jiménez

Colaboración
Andrés Núñez
Técnico da Fegamp
María Lamelas
Técnica da Fegamp
Maite Barallobre
Técnica da Fegamp
Alberto León
Técnico da Fegamp
Carmen Gallego
Técnica da Fegamp

Fotografía
Miguel Muñiz
EFE

Información de publicidade
Dpto. publicidade
Tel.: 981 062 476

Deseño e maquetación
Rubine Red Comunicación
www.rubine.es

Edita
Federación Galega de Municipios e Provincias
(Gabinete de Comunicación)
Rúa Varsovia-Área Central, 4C, 6º andar / 15703 Fontiñas, Santiago de Compostela
Tel: 981 555 990
Fax: 981 565 203
comunicación@fegamp.org
www.fegamp.org

Depósito Legal: C-2775-05
ISSN: 1885-5482

sumario

03* **Carta do presidente**
José Manuel Rey Varela centra a súa primeira intervención deste ano en abordar o recentemente aprobado mapa de emerxencias de Galicia, despois de que a Fegamp dese luz verde aos novos equipos supramunicipais que desenvolverán estas tarefas. Exporá ademais algunha reflexión sobre a reforma da Lei de Bases, cando estamos a piques de coñecer o contido do texto final do Goberno.

06* a fondo **Emerxencias**
A Comisión Executiva da Fegamp apoiou en xaneiro a proposta da Xunta para o deseño do novo mapa de emerxencias de Galicia, que quedará formado polos equipos supramunicipais, e os parques de bombeiros comarcais e das cidades. Detallamos o proceso de redacción deste acordo e os pormenores do sistema que comezará a funcionar esta primavera.

10* reportaxe **Eléctricas**
Tras solicitar información das principais incidencias que as entidades locais teñen coas compañías subministradoras de electricidade, a Fegamp realizou unha análise da problemática e acomete as súas primeiras medidas en defensa dos intereses dos municipios e, por extensión, dos seus veciños.

12* reportaxe **Financiamento Local**
Analizamos os efectos que para os concellos galegos ten a previsión da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) para este ano, abordando tanto as entregas a conta definitivas como os criterios de repartición. Ademais, abordamos a discriminación que sofre o municipalismo galego nesta repartición dos ingresos estatais.

Concello de Ferrol

16* comisión executiva

Lei de Bases

A Fegamp informa dos principais acordos adoptados no seu órgano de dirección. Entre eles, a reclamación ao Goberno da necesidade de pactar coa FEMP o texto da nova Lei de Bases de Réxime Local. Asemade, a Federación aprobou en novembro un manifesto en contra dos desafiuzamentos e respaldando as actuacións dos alcaldes e alcaldesas de Galicia neste ámbito.

18* reportaxe

Comisión de Análise Local

Expomos as propostas que a Fegamp expuxo no seo da Comisión de Análise Local para a reforma da administración local, sinalando as debilidades do sistema actual e expondo reformas necesarias que garantan unha axeitada prestación de servizos.

22* actualidade

Breves de actualidade

Recompilamos as principais noticias xeradas ao redor da Federación nos últimos meses. Un resumo da acción institucional do presidente e a súa xunta directiva, así como noticias de interese para os concellos.

24*

Fondo Galego

O Fondo Galego continúa coas actividades derivadas da celebración do seu 15º aniversario, que agora desenvolve polos diferentes concellos da xeografía da comunidade. Cóntannos en primeira persoa as súas impresións e futuras accións.

25*

Formación continua

O departamento de formación da Fegamp presenta neste número o seu informe no que analiza as necesidades en formación continua detectadas durante os cursos desenvoltos o pasado ano. Unha radiografía do funcionariado local exacta e minuciosa.

28*

Axudas e subvencións

O departamento de formación da Fegamp presenta neste número o seu informe no que analiza as necesidades en formación continua detectadas durante os cursos desenvoltos o pasado ano. Unha radiografía do funcionariado local exacta e minuciosa.

> SUMARIO

Mapa de Emerxencias

Un novo modelo con vontade de futuro

Xunta e Fegamp acordaron en xaneiro, tras seis anos de prórrogas, pór fin aos "grumir" e desenvolver unha nova estrutura coordinada de emerxencias con carácter supramunicipal que se complementará cos parques de bombeiros urbanos e comarcais. A garantía, que todo o territorio quede atendido nun tempo máximo de resposta de 30 minutos.

Os novos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) son un paso máis no cumprimento do Pacto Local rubricado por Fegamp e Xunta no ano 2006, onde xa se recollía a necesidade de acometer a profesionalización deste ámbito. Con todo, as circunstancias políticas e económicas levaron a diversas prórrogas do modelo dos coñecidos como "grumir", cuxa continuidade tiña data de caducidade ao extinguirse os fondos europeos con que se estaban financiando de maneira maioritaria.

Técnicos das consellerías de Medio Rural e Presidencia, xunto con representantes da Fegamp, dedicaron todo o ano 2012 ao estudo e elaboración dun novo modelo, que cambiase a concepción local existente por un sistema supramunicipal, en aplicación do principio de colaboración e cooperación entre concellos para prestar un mellor servizo de emerxencias. Esta nova estrutura amplía a cobertura no territorio, superando fronteiras administrativas non só locais, senón mesmo provinciais.

Os novos GES estarán conformados por uns 25 grupos de 12 membros cada un, aos que se sumarán os 28 parques de bombeiros comarcais, os parques das sete grandes cidades e que se complementarán cos efectivos de Protección Civil, Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica e Servizos Sanitarios, todos eles baixo a coordinación do 112. A súa operatividade estará garantida as 24 horas do día, os 365 días do ano, superando ao anterior modelo, no que a prestación oscilaba entre os 6 e os 9 meses. No ano 2000, Galicia contaba unicamente cos 7 parques das grandes cidades. A partir desta primavera, disporá de 60 dispositivos de emerxencias.

Xunto ás actuacións propias de emerxencias, os GES ampliarán a súa actividade á realización de traballos de prevención de incendios forestais e o mantemento da rede de estradas para mantelas en condicións óptimas para a circulación. Haberá unha dobre coordinación: por unha banda, unha de carácter técnico que dependerá da Central de Atención ás emerxencias 112, e outra de carácter ordinario desde o concello en que se sitúe cada grupo, atendendo sempre ao seu carácter supramunicipal.

Os criterios empregados para a distribución dos grupos foron obxectivos: inexistencia de servizos de emerxencia deste tipo, poboación atendida, zonas con riscos potenciais (temporais, inundacións, empresas do sector químico, vías de comunicación, montaña, etc.), disposición de medios municipais e existencia dunha estrutura operativa previa para a atención de incidencias. A actual repartición contou coa aprobación da Comisión Executiva da Fegamp na súa reunión do pasado 16 de xaneiro.

Distribución obxectiva

A distribución primou a cobertura do territorio sen discriminación por tamaño nas poboacións, mesmo naquelas que, en aplicación da actual Lei de Bases do Réxime Local, deberían contar un parque de bombeiros por superar a barreira dos 20.000 habitantes. "Se a Fegamp alza xustamente a voz cando os concellos asumen as denominadas competencias impropias, sería un exercicio de ingratitude se quedásemos calados cando se nos axuda á prestación das nosas competencias propias, como son as emerxencias", manifestou José Manuel Rey Varela durante a presentación dos GES o pasado 25 de xaneiro.

Outra das novidades dos GES é a estabilidade do seu financiamento. Tras anos dependendo de ordes de ata tres consellerías, agora os recursos autonómicos para as emerxencias quedan consolidados a través dos departamentos de Presidencia e Medio Rural. Así, a Xunta asumirá o 60% do custo de persoal, outro 20% recaerá sobre as catro deputacións provinciais e o 20% restante sobre os concellos nos que se sitúen as sedes dos grupos. Ademais, os custos de mantemento repartiranse ao 50% entre Presidencia e os concellos.

En cifras, o modelo supón un custo anual de 6,5 millóns de euros. Cada grupo ten un custo de persoal estimado de 250.000€ (dos que os concellos sufragarán 50.000€) e un custo de mantemento de ao redor de 50.000€ adicionais.

Dado que os GES son de carácter supramunicipal, os concellos da zona de cobertura poderán acordar entre eles a repartición que mellor estimen para sufragar os gastos, como xa ocorre con outros servizos compartidos. Como xa se indicou, a intención é que os GES entren en funcionamento a partir do próximo mes de abril.

"Unha vez máis, o municipalismo galego está á altura do que se espera del", proclamou Rey Varela, "somos conscientes de que no actual contexto non hai cabida para individualismos e si para compartir esforzos".

GRUPOS DE EMERXENCIA: LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	SEDE	ÁMBITO COMARCAL DE ACTUACIÓN
A Coruña	Ortigueira	Ortegal, Ferrol
	Ponteceso	Bergantiños
	Muros	Muros, Noia, Xallas
	Mugardos	Ferrol, Eume
	Curtis	Betanzos, Terra de Melide, Ordes
	Padrón	O Sar, Caldas
	Brión	Santiago, Noia, A Barcala
Lugo	A Fonsagrada	A Fonsagrada, Meira
	Guitiriz	Terra Chá, Lugo
	Becerreá	Os Ancares, Lugo, Sarria
	A Pontenova	Mariñas Central e Oriental, Meira
	Quiroga / Folgoso	Quiroga, Terra de Lemos
	Monterroso	A Ulloa, Lugo, Chantada
	Cervo	Mariñas Central e Occidental
Ourense	Castro Caldelas	Terra de Caldelas, Terra de Trives, Ourense
	A Gudiña	Viana, Verín
	Baños de Molgas	Allariz-Maceda, A Limia, Ourense
	Lobios	Baixa Limia
	Ribadavia / Avión	O Ribeiro
	O Barco de Valdeorras	Valdeorras
Pontevedra	Mancomunidade do Val Miñor	Val Miñor
	A Guarda	Baixo Miño
	Ponte Caldelas	Pontevedra, A Paradanta, Vigo
	A Estrada / Lalín	Tabeirós-Terra de Montes, Caldas, Deza, Santiago
	Redondela	Vigo

MAPA DE EMERXENCIAS:
Parques Municipais (Grandes Cidades) + Parques Comarcais + Servizos Municipais de bombeiros + GES



Cobertura concurrente Parques de Bombeiros Comarcais e GES

Cobertura PB Municipais

Cobertura PB Comarcais

Cobertura GES

FRANCISCO GARCÍA
Vicepresidente segundo da Fegamp
Alcalde de Allariz

Unha visión crítica co novo sistema de atención ás emerxéncias

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galiza remitía á FEGAMP unha proposta para eliminar os actuais GRUMIR e crear un novo operativo de atención as emerxencias e protección civil.

Esta proposta, tal e como indicamos nas xuntanzas de voceiros e da Comisión Executiva, ten condicionantes que nos levan a cuestionar a súa operatividade.

En primeiro lugar, que sigan sendo os concellos os que teñan que facerse cargo dunha competencia que fundamentalmente corresponde á Xunta de Galiza.

En segundo lugar, porque a operatividade comarcal queda moi condicionada polo feito de realizar a contratación laboral e pagar o 20% do custe salarial e do propio operativo o concello no que se ubica o grupo de emerxencias. Así mesmo a Consellaría de Medio Rural disporá do grupo para tarefas de prevención e extinción de incendios, polo que a dispoñibilidade para unha cobertura comarcal de emerxencias non parece doada por canto o concello que cofinancia o operativo e a Consellaría de Medio Rural tratarán loxicamente de rendibilizar en beneficio propio o gasto que asumen.

En terceiro lugar, porque a supresión dos actuais GRUMIR lévase a cabo sen unha participación real dos concellos afectados por esta supresión, desaproveitando así a oportunidade de contar con moitos profesionais que nestes anos foron adquirindo unha experiencia moi importante e deixándolle aos concellos afectados o problema da responsabilidade laboral dos traballadores do GRUMIR. Nalgúns casos, mesmo as novas ubicacións, non tiveron en conta criterios de peso poboacional - Ribadeo, Vimianzo ou Allariz, por exemplo-, nin de dispoñibilidade de medios para asumir as tarefas de emerxencias. Así mesmo, os concellos que quedan na área de influencia dos parques de bombeiros das grandes cidades quedan desatendidos por non ter aínda acordos de actuación comarcal que permitan un uso supramunicipal. Mesmo hai comarcas importantes - Celanova, Carballiño, Trives, Manzaneda, Pedrafita ou Caldas de Reis- que quedan sen operativos de emerxencias.

Por estas razóns consideramos que a nova proposta de atención as emerxencias vai seguir con dificultades obxectivas para cumprir acaidamente coas súas tarefas.

FRANCISCO GARCÍA
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Alcalde de O Barco de Valdeorras

Tras anos de debate, por fin se chegou a un acordo para a distribución territorial e ubicación dos Grupos de Emerxencia e Protección Civil de Galicia. O acordo definitivo está baseado nunha proposta técnica para cuxa elaboración se tiveron en conta todos os datos de poboación, territorio, existencia de Parque de Bombeiros e outras circunstancias obxectivas.

Tratábase de conseguir dar cobertura á meirande parte dos núcleos de poboación de Galicia, e aínda que quedaron algunhas zonas que podemos denominar "de sombra", esta circunstancia quedará corrixida si, como se pediu á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, na concesión dos programas de cooperación se ten en conta esta circunstancia. Trátase de que, a partir do despliegue do novo mapa territorial de ubicación dos grupos de Emerxencia, se priorice a contratación de grupos de emerxencia nas zonas máis alonxadas, para que podan dispor de servizo cando menos nos meses de verán.

O acordo e produto do consenso entre a Xunta de Galicia e os representantes municipais na FEGAMP, e no mesmo recóllese tamén que determinadas zonas son consideradas como supramunicipais, por creer que se trataba da mellor solución. De feito, en moitos casos o grupo queda desdoblado, como sucede, por exemplo, en Avión e Ribadavia, onde, con tres persoas máis na plantilla, prestarase servizo en a lo menos seis concellos limítrofes de Pontevedra.

everis

attitude makes the difference

ELIJO LA MEJOR **CONSULTORA** PARA UN SERVICIO **EXCELENTE** AL CIUDADANO

ELIJO **EVERIS**

Consulting, IT & Outsourcing
Professional Services

everis.com

ELÉCTRICAS

Unha queixa xeneralizada

A Fegamp recompila nun informe o groso das incidencias que os concellos teñen coas compañías subministradoras de electricidade. O abuso destas empresas deixa na máis absoluta indefensión aos concellos, que reclaman a defensa dos seus dereitos. A Federación inicia unha mediación coas principais firmas, sen descartar outro tipo de medidas máis contundentes como o posible recurso aos tribunais.

A vocación da Fegamp de estar á beira das necesidades do municipalismo galego está a plasmarse nesta lexislatura nos problemas coas compañías eléctricas. Desde o primeiro día, a Federación detectou neste tema unha profunda preocupación por parte de todos os alcaldes e alcaldesas de Galicia, unha queixa colectiva acerca dun gasto crecente e descontrolado en plena crise económica, rodeado ademais dunha opacidade tal que impide adoptar medidas para atallar facturas que chegan a comprometer a estabilidade das contas municipais. E todo iso, no marco da prestación dunha subministración mellorable.

Para coñecer de primeira man cales son os problemas dos concellos coas eléctricas, o vicepresidente executivo da Fegamp e alcalde de Cervo, Alfonso Villares, remitiu aos 314 rexedores de Galicia unha misiva pola que solicitaba a comunicación de todas as incidencias, co fin de realizar un minucioso informe do que poder extraer conclusións e detallar unha folla de ruta para a súa solución.

Maioritariamente, os concellos denunciaron importantes anomalías no proceso de facturación. Entre as queixas máis relevantes destacan os incumprimentos nas tarifas contratadas e nos períodos de facturación, a falta de información ou directamente imposibilidade na comprensión das facturas, os desaxustes orzamentarios que xera o envío (mesmo con varios meses de atraso) dos débitos ou a utilización abusiva de consumos estimados fronte a consumos reais, que encarecen artificialmente os custos.

Outro motivo de reclamación habitual era a discrecionalidade das eléctricas para aplicar a facturación mensual ou bimensual, así como o descontrol na emisión de facturas, chegando a remitir aos concellos algunhas xa pagadas ou por duplicado. E todo, baixo a ameaza dun posible corte na subministración en caso de non ser abonadas.

Nalgúns casos, discordancias coas formas de pago, dado que en ocasións faise domiciliando pagos e outras veces en facturas. Tamén son comúns os erros á hora de aplicar os descontos contratados, a existencia de contadores que non realizan correctamente a discriminación horaria, facturacións indebidas da enerxía reactiva (pola que se cobran importantes cantidades pero que se perde por culpa das propias compañías eléctricas).

Tal e como veu denunciando a Fegamp en repetidas ocasións, é igualmente deficiente a liquidación do 1,5% polo uso do voo, chan e subsolo do territorio municipal, polo que as compañías abonan a citada porcentaxe sobre o total de facturación que teñan en cada concello.

> CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

ALFONSO VILLARES

Vicepresidente executivo da Fegamp

Alcalde de Cervo, responsable da Fegamp dos asuntos coas compañías eléctricas

A falta de información por parte das compañías eléctricas impide aos concellos verificar que a cantidade facturada é veraz, polo que se abre a porta a actuacións discrecionais desde as subministradoras que derivan, na maioría dos casos, as liquidacións inexactas e que supoñen detraer recursos aos concellos.

Se é deficiente a subministración e a facturación, os municipios poñen de manifesto que non mellora en absoluto o trato á hora de presentar reclamacións. As eléctricas carecen de interlocutores para abordar as incidencias coas administracións locais, polo que se lles deriva a unha atención ao cliente abertamente insuficiente e sen formación, que non dá as respostas que o municipalismo demanda. Engádese unha retardación nos procedementos burocráticos para dar altas ou baixas nas subministracións, así como un desprezo polo mobiliario urbano á hora de realizar obras nas rúas.

Transparencia e diálogo

O informe da Fegamp tamén recolle as demandas que os concellos expuxeron para solucionar os seus problemas. É xeneralizada a petición para que leve a cabo unha revisión das tarifas eléctricas, e que se poida establecer unha de carácter especial para a iluminación pública, unha obrigación que todos os concellos teñen e que é o servizo máis demandado polos concellos, mesmo polos de menor tamaño. Ademais, solicítase un mecanismo compensatorio para aqueles concellos que realicen investimentos en liñas de aforro enerxético, premiando así a quen aposta por elementos de baixo consumo fronte aos tradicionais.

Os alcaldes e alcaldesas tamén trasladaron unha petición á Fegamp para que siga exercendo un papel de axente activo de intermediación entre os concellos e as compañías eléctricas, achegando información aos técnicos municipais nesta materia e demandando solucións ás subministradoras como voz única das entidades locais de Galicia.

No marco deste mandato, a Fegamp iniciou unha rolda de contactos coas principais eléctricas que operan sobre o territorio galego. O pasado 16 de xaneiro, o vicepresidente executivo Alfonso Villares e técnicos da Federación entrevistáronse con representantes de EON Enerxía, trasladándolles as demandas dos concellos aos que prestan servizo. En próximas datas manterá outro encontro con Gas Natural Fenosa, a compañía que acumula un maior número de queixas.

A actual directiva da Fegamp asumiu a problemática eléctrica como un asunto prioritario, ao que dedicará todos os seus recursos neste mandato. Así o manifestou en repetidas ocasións o presidente da Federación e alcalde de Ferrol, José Manuel Rey, que o pasado 5 de decembro afirmou mesmo que non descarta o recurso da vía xudicial para defender os dereitos dos concellos, tal e como a Fegamp fixo no pasado coas compañías de telefonía móbil.

A liña de traballo da Fegamp é compartida co Inega e a Consellería de Economía e Industria, unha estratexia que xa deu os seus froitos ao longo do último ano, poñendo en marcha iniciativas como a ferramenta informática para o cálculo dos consumos eléctricos, operativa desde o pasado verán. Neste mesmo febeiro darase un paso máis coa firma dun convenio de colaboración entre a Federación e a Consellería, que subscribirán Rey Varela e o conselleiro Francisco Conde, para intercambiar información relativa a programas de aforro enerxético, que poidan redundar en beneficios para o municipalismo galego. Ademais, no mesmo acordo incorpórase a execución de dúas experiencias piloto nos concellos de Dodro e Lalín, de cuxas conclusións se poderán extraer accións extensibles ao resto de municipios.

FINANCIAMENTO LOCAL

As contas de 2013: análise da participación nos ingresos do estado e fondo de cooperación local

Conforme ao estipulado nas Leis de Orzamentos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, a participación dos concellos galegos nos ingresos doutras administracións ascenderá a un total de 680 Millóns de Euros, 567,7 en concepto de entregas a conta pola Participación nos Ingresos do Estado e 112,3 correspondentes á participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, o chamado Fondo de Cooperación Local.

Cabe aclarar que nas entregas mensuais da maior parte dos concellos descontarase unha cantidade correspondente aos reintegros que deben realizar a como consecuencia da liquidación negativa dos anos 2008 e 2009. Así mesmo, e nalgúns casos, tamén se reterá outras cantidades por compensación de débedas, onde se inclúen contías do plan de pago aos provedores.

En relación ao FCL, os orzamentos da Xunta de Galicia están neste intre en período de trámite parlamentario, polo que a contía definitiva podería ser modificada, coa integración dalgunha contía adicional.

ANÁLISE DO REPARTO DA PIE

O crecemento da entrega a conta correspondente aos concellos galegos en concepto de participación nos ingresos do Estado para o ano 2013 increméntase nun **19,39 %** respecto ao ano 2012, un punto por debaixo da media xeral, polo que crece un ano máis o diferencial dos nosos concellos (**204€ por habitante**) fronte ao total estatal (**253,5€ por habitante**).

O resultado é que dende a aplicación do novo modelo no ano 2004, o diferencial negativo en termos poboacionais entre o percibido polos concellos galegos e a media estatal está en torno aos **1.000 Millóns de Euros**, o que amosa que o reparto prexudica de xeito inxusto e discriminatorio a Galicia.

Réxime Xeral

Trala incorporación do Concello de Ferrol o pasado ano, no Réxime Xeral intégranse 309 dos 315 concellos de Galicia, que percibirán unha cantidade total de **338,4 Millóns de Euros** (incluída a compensación establecida pola supresión do IAE), un **18,10 %** máis que no ano 2012.

Pero cabe apuntar que, pola aplicación dos criterios de reparto establecidos para este Réxime (Poboación, Esforzo Fiscal e Inverso da Capacidade Tributaria), o crecemento de cada concello ten una variabilidade moi heteroxénea, de tal xeito que 51 concellos galegos crecen por debaixo do 10%, e mesmo 7 deles percibirán unha contía inferior respecto a 2012. Pola contra, 15 concellos galegos aumentarán a súa participación por enriba do 25%, e 5 deles superarán o 30%.

O criterio de Poboación introduce un coeficiente que discrimina aos concellos segundo o tramo de poboación no que estean ubicados, primando a aqueles con maior número de habitantes. Así, e para o ano 2013, os concellos menores de 5.000 habitantes perciben por efecto deste criterio 111 € por habitante, os que están situados no tramo de 5.001-20.000 habitantes 130 € por habitante, os concellos entre 20.001-50.000 habitantes 145 € por habitante e os municipios que contan entre 50.000 e 75.000 habitantes 156 € por habitante. A gran incidencia prodúcese cando un concello descende de tramo, o que lle aconteceu a varios concellos galegos nos últimos anos. En 2013, Cuntis, Mondariz e Illa de Arousa sufriron esta circunstancia, con efectos perceptibles na entrega a conta, que tamén se trasladará á futura liquidación da PIE correspondente ao ano 2012.

O criterio de Esforzo Fiscal é metodoloxicamente inxusto, dado que pretende valorar a corresponsabilidade fiscal, pero remata favorecendo aos concellos con maior capacidade económica. En Galicia, tan só 67 dos 309 concellos incluídos no Réxime Xeral (o 21,5 %) teñen un índice de esforzo fiscal superior a 1, conforme á fórmula utilizada polo Estado para o seu cálculo, que tan só ten en conta tres tributos municipais: O IBI, o IAE e o IVTM. En termos xerais, estes concellos teñen ratios de desenvolvemento económico superiores aos demais, o que produce finalmente un cuestionable incremento do desequilibrio financeiro entre os distintos municipios.

Finalmente, o criterio "Inverso da Capacidade Económica ", un ano máis, volve a ter un protagonismo central no menor crecemento ou no decrecemento da contía de moitos concellos respecto ao ano anterior. Neste ano, sumamos 24 concellos afectados, que se engaden aos moitos concellos que sufriron as consecuencias desta variable de reparto dende o ano 2004.

Como valoración xeral, e conforme aos resultados acadados nos distintos anos

do período, é evidente que as variables utilizadas para o reparto xeran desigualdades, ineficiencias, desequilibrios e inestabilidade nos concellos e entre os concellos.

Fronte a estes criterios, estimamos que sería necesario a introdución de variables que tiveran un carácter máis obxectivo, en base aos cometidos que teñen que desenvolver ás entidades locais. Unido ao criterio de número de habitantes, paliando as esaxeradas diferenzas que se producen entre concellos en función do tramo no que estean integrados, e de variables que midan de xeito obxectivo a corresponsabilidade fiscal, deben incorporarse criterios que valoren o custo que os concellos asumen na prestación dos servizos.

Envellecemento, superficie e entidades de poboación, propostos de xeito reiterado pola FEGAMP e avalados unanimemente polo Parlamento de Galicia, son factores que inflúen directamente nese custo dos servizos, conforme ao actual marco competencial dos concellos. Estimamos máis adecuados e obxectivos estes variables que algún dos cuestionables criterios que se aplican actualmente.

Réxime de Cesión

Os concellos galegos integrados no Réxime de Cesión son seis: Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela e Pontevedra. A suma das entregas a conta destes concellos para o ano 2013 ascenderá a **229,3 Millóns de Euros**, un **21,36 %** máis con respecto ao ano anterior, tres puntos por enriba dos municipios galegos integrados no Réxime Xeral.

A diferenza do modelo anterior, o sistema de Cesión é moi homoxéneo na variación anual, dado que os seis concellos crecen en porcentaxes similares á media . A cuestión é que a desigualdade que se produce entre os distintos concellos en canto á participación por habitante parte do Modelo anterior, que consolidou uns desequilibrios que se plasman nos resultados finais ano tras ano, e que favorecen de xeito desproporcionado aos concellos maiores de 500.000 Habitantes.

Como exemplos, podemos apuntar que no ano 2013, o Concello de Málaga, que conta con 567.000 Habitantes, percibirá a mesma contía que os seis concellos galegos integrados neste Modelo, que suman máis de 900.000 Habitantes. O concello de Barcelona, pola súa banda, que ten 1,6 Millóns de habitantes, recibe o dobre da contía percibida polos 315 concellos de Galicia, que contan con 1 millón de habitantes máis.

A PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA: O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

No artigo 60 do Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia regúlase a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2013. Tal e como dispón, o índice de evolución correspondente á recadación dos Capítulos I, II e III, dos que participan os concellos galegos, foi negativo respecto aos anos anteriores, polo que os municipios percibirán como Entrega a Conta **112,3 Millóns de Euros**, a mesma cantidade que hai dous anos e 2,28 Millóns menos que no 2012.

Por elo, non haberá fondos adicionais, e os novos criterios de reparto aprobados o ano anterior non terán efecto inicialmente no 2013. Os concellos percibirán as cantidades do chamado Fondo Base, conforme aos índices contidos na propia Lei de Orzamentos, e que garanten a contía percibida como entrega a conta no ano 2010.

As expectativas de incremento desta cifra, conforme á proposta realizada pola FEGAMP, estarían en función da posible integración no Fondo de Cooperación Local dalgunhas contías das liñas financeiras previstas no Orzamento da Xunta de Galicia para os concellos en concepto de axudas e subvencións.

EN NÚMEROS:

As contas de 2013: análise da participación nos ingresos do Estado e Fondo de Cooperación Local

ENTREGA A CONTA FONDO COOPERACIÓN LOCAL 2013 POR COMARCAS

COMARCA	IMPORTE	POB2012	Km²	Entidades	€/Habitante
Arzúa	1.083.212	17.226	485,00	582	62,88
Barbanza	2.392.869	68.336	246,80	387	35,02
Barcala	600.354	11.046	213,10	192	54,35
Bergantiños	3.072.466	69.834	744,20	1.011	44,00
Betanzos	2.185.094	39.419	677,00	1.086	55,43
Coruña	11.464.369	398.025	469,80	827	28,80
Eume	1.322.481	26.124	538,70	669	50,62
Ferrol	5.089.001	161.541	623,50	1.362	31,50
Fisterra	1.203.256	23.136	339,40	254	52,01
Melide	807.708	12.679	367,20	540	63,70
Muros	632.967	14.042	143,80	112	45,08
Noia	1.483.983	35.269	325,10	480	42,08
Ordes	1.960.227	38.411	754,70	729	51,03
Ortegal	995.095	13.772	391,70	589	72,25
Santiago	6.057.748	164.519	689,50	872	36,82
Sar	798.833	16.730	177,30	211	47,75
Soneira	947.221	19.168	372,50	231	49,42
Xallas	789.724	14.634	391,00	231	53,97
Ancares	1.261.561	11.330	1.048,70	562	111,35
Chantada	842.001	14.536	462,20	651	57,93
Fonsagrada	705.575	5.859	679,50	427	120,43
Lemos	1.855.474	32.813	940,40	1.044	56,55
Lugo	4.439.410	120.737	1.362,90	1.332	36,77
Mariña Central	1.483.016	30.323	500,90	588	48,91
Mariña Occidental	1.341.997	27.140	494,80	736	49,45
Mariña Oriental	975.390	17.126	399,80	416	56,95
Meira	597.598	5.638	311,70	252	105,99
Quiroga	668.792	5.813	578,00	211	115,05
Sarria	1.587.007	24.170	836,20	919	65,66
Terra Cha	2.909.766	43.573	1.822,70	2.105	66,78
Ulloa	690.999	9.844	417,90	518	70,19
A Limia	1.839.538	22.823	801,70	251	80,60
Allariz Maceda	1.161.620	15.060	382,10	294	77,13
Baixo Limia	884.626	8.212	530,50	164	107,72
Caldelas	591.526	3.443	313,20	248	171,81
Carballiño	1.913.529	28.891	552,30	595	66,23
Celanova	1.710.744	20.057	508,90	571	85,29
Ourense	4.747.646	146.135	623,10	717	32,49
Ribeiro	1.564.964	18.369	407,10	268	85,20
Trives	685.515	4.660	431,70	145	147,11
Valdeorras	1.850.682	27.724	969,20	167	66,75
Verín	1.818.485	28.261	1.007,10	169	64,35
Viana	817.411	6.622	746,30	95	123,44
Baixo Miño	1.788.829	51.096	322,80	402	35,01
Caldas	1.543.445	35.154	288,60	377	43,91
Condado	1.738.769	42.917	341,00	680	40,51
Deza	2.514.665	42.630	1.026,70	1.062	58,99
Morrazo	2.398.857	83.313	140,70	220	28,79
Paradanta	878.878	14.000	333,20	629	62,78
Pontevedra	3.913.256	124.075	624,00	703	31,54
Salnés	3.945.543	111.541	275,20	554	35,37
Tabeirós	1.521.876	27.489	529,00	616	55,36
Vigo	10.297.210	426.213	613,40	998	24,16
TOTAL	112.372.806	2.781.498	29.573,80	30.051	40,40

ENTREGAS A CONTA PIE CONCELLOS RÉXIME XERAL E CESIÓN

COMUNIDADES CON IAE

(Ano 2013)

COMUNIDADES	ENTREGA A CONTA ANO 2013					COMPARATIVA ANOS 2012-2013	
	Pob 2012	Partic 2013	% Pob	% Part	Euros/Hab	Incremento 2012/2013	Crecemento €/Hab
Andalucía	8.449.985	2.000.454.793	19,02%	17,76%	236,74	20,44%	39,57
Aragón	1.349.467	379.952.316	3,04%	3,37%	281,56	20,27%	46,90
Asturias	1.077.360	239.253.268	2,42%	2,12%	222,07	20,11%	37,89
Baleares	1.119.439	230.663.370	2,52%	2,05%	206,05	22,06%	36,28
Canarias	2.118.344	455.562.139	4,77%	4,05%	215,06	18,62%	34,48
Cantabria	593.861	123.285.496	1,34%	1,09%	207,60	20,06%	34,47
Castilla-León	2.546.078	518.324.956	5,73%	4,60%	203,58	19,52%	34,07
Castilla-La Mancha	2.121.888	389.402.477	4,78%	3,46%	183,52	19,98%	30,09
Cataluña	7.570.908	2.337.963.104	17,04%	20,76%	308,81	20,48%	51,43
Ceuta	84.018	17.906.451	0,19%	0,16%	213,13	22,41%	35,55
Extremadura	1.110.654	209.079.075	2,50%	1,86%	188,25	18,83%	29,64
Galicia	**2.781.498**	**567.687.152**	**6,26%**	**5,04%**	**204,09**	**19,39%**	**34,00**
Madrid	6.498.560	2.213.673.620	14,63%	19,66%	340,64	20,56%	57,71
Melilla	80.802	17.474.564	0,18%	0,16%	216,26	23,25%	35,59
Murcia	1.474.449	302.649.610	3,32%	2,69%	205,26	21,35%	35,60
La Rioja	323.609	65.547.331	0,73%	0,58%	202,55	20,02%	33,45
Valencia	5.129.266	1.192.289.119	11,54%	10,59%	232,45	20,55%	39,17
TOTAL	**44.430.186**	**11.261.168.839**	**100,00%**	**100,00%**	**253,46**	**20,31%**	**42,48**

ENTREGAS A CONTA PIE CONCELLOS RÉXIME XERAL E CESIÓN

TRAMOS POBOACIÓN CON IAE

(Ano 2013)

(*) Excluídos concellos de País Vasco e Navarra

COMUNIDADES (Habitantes)	ENTREGA A CONTA ANO 2013					COMPARATIVA ANOS 2012-2013	
	Pob 2012	Partic 2013	% Pob	% Part	Euros/Hab	Incremento 2012/2013	Crecemento €/Hab
Ata 100	59.447	10.322.190	0,13%	0,09%	173,64	10,22%	21,06
Entre 101-1.000	1.311.789	221.594.526	2,95%	1,97%	168,93	15,64%	24,91
Entre 1.001-5.000	4.146.796	684.979.365	9,33%	6,08%	165,18	18,76%	26,42
Entre 5.001-10.000	3.658.018	672.772.410	8,23%	5,97%	183,92	19,49%	29,52
Entre 10.001-20.000	4.691.557	870.758.139	10,56%	7,73%	185,60	20,27%	30,38
Entre 20.001-50.000	7.090.594	1.423.916.274	15,96%	12,64%	200,82	20,30%	33,00
Entre 50.001-75.000	2.997.515	650.797.792	6,75%	5,78%	217,11	20,19%	35,50
Entre 75.001-100.000	2.758.044	577.605.440	6,21%	5,13%	209,43	21,82%	36,07
Entre 100.001-500.000	10.115.516	2.451.108.265	22,77%	21,77%	242,31	21,38%	42,58
Máis de 500.000	7.600.910	3.697.314.437	17,11%	32,83%	486,43	20,18%	82,91
TOTAL	**44.430.186**	**11.261.168.839**	**100,00%**	**100,00%**	**253,46**	**20,31%**	**42,48**

CONCELLOS CON MAIOR CRECEMENTO PORCENTUAL

ENTREGA CONTA PIE

RESPECTO 2012

PROVINCIA	CONCELLO	PORCENTAXE
LUGO	SAMOS	41,67%
OURENSE	PADRENDA	37,98%
LUGO	PORTOMARIN	36,16%
PONTEVEDRA	TOMIÑO	32,58%
A CORUÑA	SOBRADO	30,78%
LUGO	NOGAIS (AS)	29,32%
A CORUÑA	MESIA	28,32%
LUGO	OUTEIRO DE REI	27,91%

CONCELLOS CON DECRECEMENTO

ENTREGA CONTA PIE

RESPECTO 2012

PROVINCIA	CONCELLO	PORCENTAXE
LUGO	RIBEIRA DE PIQUIN	-21,52%
PONTEVEDRA	ARBO	-13,17%
PONTEVEDRA	DOZON	-12,22%
PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	-9,13%
PONTEVEDRA	CERDEDO	-6,93%
PONTEVEDRA	PONTE CALDELAS	-1,07%
PONTEVEDRA	MONDARIZ	-0,80%
OURENSE	PIÑOR	-0,49%

LEI DE BASES

Un acordo imprescindible

A Fegamp pide ao Goberno que a nova normativa sexa elaborada co consenso da FEMP e os representantes das federacións territoriais. Ademais, a Comisión Executiva aprobou en novembro un manifesto de apoio aos alcaldes que toman medidas a favor dos afectados polos desafiuzamentos.

A aprobación por parte do Goberno do proxecto lexislativo que reformará a actual Lei de Bases de Réxime Local (LBRL) parece inminente, a pesar dos atrasos que o texto ten sufrido ao longo do mes de xaneiro. Inicialmente, o Executivo contaba con sacar adiante esta norma no Consello de Ministros do pasado día 25. No entanto, pospuxo esta cuestión á espera dunha nova negociación coa FEMP. É neste contexto no que se enmarca o acordo adoptado unanimemente pola Comisión Executiva da Fegamp no que se instaba á FEMP a que "calquera texto de reforma sexa elaborado co consenso" dos representantes lexítimos do municipalismo español "e teña en conta as propostas realizadas en todo o referido á especificidade de Galicia". Este acordo foi trasladado o pasado 18 de xaneiro tanto ao presidente da FEMP, Íñigo de la Serna, como ao secretario de Estado de Administracións Públicas, Antonio Beteta.

Até este momento, non se coñeceu ningún texto oficial sobre a reforma da LBRL, aínda que si apareceron en prensa informacións sobre borradores de traballo durante os últimos meses, incluíndo cambios e matices nas sucesivas entregas. A Fegamp non realizará valoración pública algunha até dispor dun texto definitivo e oficial, aprobado polo Consello de Ministros. "Cremos que é a postura máis responsable", explica José Manuel Rey Varela, "para non contribuír a confusións e equívocos".

"O que non quita que os borradores que se están manexando recollan algunhas modificacións respecto ao informe inicial do Ministerio, co que a Fegamp, a FEMP e o resto de federacións territoriais fomos moi críticos", engade Rey Varela. O Goberno estaría a suavizar a súa postura ante esta reforma, movido pola vontade de acordala dialogadamente coa FEMP, tal e como Mariano Rajoy asegurou a Íñigo de la Serna no encontro que ambos mantiveron en decembro no Palacio da Moncloa.

Entre as modificacións que o Goberno estaría en disposición de incorporar, parecen atoparse unha flexibilización respecto da supresión por decreto das mancomunidades ou a cesión de servizos por parte dos municipios ás deputacións provinciais. Seguindo, entre outras, a demanda da Fegamp, as mancomunidades non desaparecerán de forma automática, senón que serán sometidas á mesma auditoría de calidade na prestación de servizos que calquera concello menor de 20.000 habitantes, que determinará o seu grao de eficiencia, e con iso, a súa continuidade. "Non pode castigarse a cooperación entre municipios", defendeu desde o primeiro momento José Manuel Rey, "hai mancomunidades que si funcionan e que permiten prestar mellores servizos a un menor custo para os seus veciños".

Igualmente, o Goberno vai detallando o procedemento de cesión de servizos ás deputacións. Inicialmente, todos os municipios por baixo dos 20.000 habitantes estarán obrigados a avaliar a súa eficiencia na prestación da súa carteira básica de competencias. En caso de non obter un resultado óptimo, a cesión ás deputacións sería por un prazo mínimo de cinco anos, pero coa opción de recuperar o devandito servizo se demostra capacidade económica suficiente. Esta reversibilidade era outra das demandas da Fegamp, así como que puidesen acollerse de forma voluntaria a esta cesión os concellos maiores de 20.000 habitantes, solicitude que tamén estaría disposto a aceptar o Goberno.

Aínda existe unha certa nebulosa nos procedementos de asunción destes servizos por parte dos entes provinciais, xa que non queda claro se poderán ser rexeitados e se suporá un maior financiamento para as deputacións, en detrimento de as entidades locais. O Goberno estuda permitir aos concellos que esas competencias que non poidan prestar de forma eficiente sexan cedidas a terceiros a través dunha concesión, seguindo o modelo que hoxe se dá na recollida de lixos, o abastecemento e o

saneamento de augas, a limpeza viaria ou algúns servizos sociais.

A delimitación competencial que a Fegamp esixiu desde o primeiro día si parece estar recollida nos distintos borradores. De entre o abanico de servizos locais saen os referidos a sanidade e educación, dúas competencias "claramente impropias" que "ocasionan un gasto importante para as facendas locais", apunta Rey Varela.

Restan aínda algúns elementos nos que o Goberno segue sendo remiso a ceder, como a renuncia á tutela das corporacións locais a través do control directo de secretarios e interventores, unha medida rexeitada de plano desde o municipalismo galego. Tampouco se ha explicitado a porcentaxe en que se reducirá o número de concelleiros en España, xa que o 30% anunciado inicialmente parece descartado.

"O Goberno está a moverse na boa dirección", apunta Rey Varela, "pero creo que o movemento debe continuar até alcanzar un punto de consenso básico coa FEMP e as federacións territoriais nela representada". "Doutro xeito, esta será unha oportunidade perdida, e ese é un luxo que non nos podemos permitir", apostila. Para o presidente da Fegamp, "confío tanto na capacidade de acordo do Goberno como do trámite parlamentario en Congreso e Senado para que o texto final sexa o que os alcaldes e alcaldesas desexamos, que non é outro que o que nos permita prestar mellores servizos aos nosos cidadáns".

Manifesto contra os desafiuzamentos

O pasado mes de novembro, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou unha declaración de apoio a todos os alcaldes de Galicia que están a adoptar medidas, dentro do seu ámbito competencial, para pór freo aos desafiuzamentos nos seus concellos. No texto, a Federación incidía na falta de potestade lexislativa ou executiva das entidades locais neste texto, pero salientábase a sensibilidade do poder municipal cos problemas dos seus veciños.

O texto, presentado pola Presidencia da Fegamp e consensuado co tres grupos políticos, recollía ademais unha instancia ao Goberno de España para que se modifique a lei hipotecaria e a normativa de enxuizamento civil no que afecta á vivenda habitual, de modo que non só se freen temporalmente os procesos de desaloxo, senón que se dea unha resposta máis concreta e en profundidade a este grave problema social, consecuencia directa da crise económica.

Segundo rezaba o texto aprobado, "os alcaldes e alcaldesas de Galicia están a defender en primeira liña os intereses de miles de cidadáns", impulsando "procesos de diálogo con caixas e bancos mediante os que lograr arrendamentos sociais ou *daciones en pago" ou "adoptando medidas de presión para flexibilizar e/ou frear as condicións dos desafiuzamentos".

Todos os alcaldes coincidiron en que se está producindo unha situación de indefensión entre os hipotecados e as entidades financeiras, que demanda dunha maior implicación das administracións competentes. Segundo José Manuel Rey, "debemos de facer todo o posible por que se acabe con estas prácticas abusivas que dan lugar a situacións de desigualdade e exclusión social", das que os concellos son os primeiros en darse conta "porque os nosos servizos sociais acaban por atender ás familias que sofren os desaloxos".

COMISIÓN DE ANÁLISE LOCAL

A FEGAMP presentou no marco da Comisión de Análise Local o pasado mes de novembro un extenso documento no que se analiza a situación actual das Entidades Locais e as posibles propostas de futuro para mellorar a súa estrutura, no que é piar fundamental poder contar cun financiamento axeitado.

No informe realízase un amplo análise da estrutura que compón o núcleo central dos recursos dispoñibles por parte dos entes locais: A Tributación Local, a Participación nos Ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma, o marco competencial e o seu financiamento, e posibles fórmulas de mellora na xestión dos servizos locais, tendo en conta os seus aspectos socioeconómicos, demográficos e territoriais, nos que ten una incidencia moi negativa a peculiar distribución da poboación en Galicia para a prestación de servizos.

Así mesmo, non se pode obviar que no contexto actual, debemos calibrar cal está sendo o efecto real da crise atendendo ás realidades dos distintos concellos e a sectorización deses efectos, dado que se aprecia unha casuística global, que afectou a todos os concellos en distinto grao, e unhas cuestións singulares, que tiveron repercusión nunha tipoloxía de concellos moi concreta.

A problemática local, e todo caso, segue a ser a mesma que historicamente asola aos nosos concellos. Aínda que si se produciron certos avances, a crise amosou os graves problemas estruturais que ten o financiamento dos entes locais, non acorde coas competencias que están a desenvolver, e que provocou por efectos daquela e dese desequilibrio estrutural, que moitos concellos estean pasando por graves dificultades para seguir prestando con solvencia servizos absolutamente prioritarios para os veciños.

LIÑAS CENTRAIS DO DOCUMENTO

Na introdución do documento apúntase que o nivel de gasto das entidades locais é un dato acreditable: Mantense permanentemente ano tras ano no 12-14 % sobre o total das administracións. Pero é obvio que os concellos foron incrementando de xeito notable os seus cometidos, que pouco teñen que ver coas competencias obrigatorias plasmadas na Lei de Bases de Réxime Local do ano 1985. Os tempos cambiaron, as necesidades foron crecentes, os concellos recibiron moitas desas necesidades, e o financiamento segue a ser insuficiente, precario e mal estruturado.

Os concellos galegos tiveron que asumir nos últimos anos os efectos da crise no seu ámbito competencial, pero tamén na parte que compete as restantes administracións. Un exemplo claro o podemos atopar có sucedido coa Participación nos Ingresos do Estado, e singularmente coa mala previsión realizada polo Estado nas entregas a conta dos anos 2008 e 2009, que supón que os concellos e deputacións de Galicia terán que reintegrar nos vindeiros anos (xa o están facendo) unha cantidade de 370 Millóns de Euros, que é a desviación producida entre esas Entregas a Conta e a liquidación definitiva calculada dous anos despois, moi por debaixo das expectativas iniciais.

Este efecto, afortunadamente, non se trasladou á Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma, que mantivo bastante estable as súas contías e unha relativa coherencia entre as Entregas a Conta e as liquidacións definitivas, pero si afectou de forma importante ás tranferencias anuais previstas para as Entidades Locais, e que se desenvolven a través de subvencións e convenios dentro dos orzamentos da Xunta de Galicia, que decreceron dun xeito importante nos últimos anos

A pesar dun mito creado, "os concellos viven da subvención ", a realidade é que gran parte das liñas financeiras percibidas por esta vía serven para financiar servizos básicos, moitos deles, onde a competencia non é dos concellos. A través destas subvencións, as entidades locais cofinancian (é importante resaltar este concepto) moitas cuestións que a día de hoxe son, se cabe, máis prioritarias para os cidadáns, e onde

teñen un protagonismo central políticas de servizos sociais e a promoción de emprego.

Educación, programas de prevención de saúde, medio rural, turismo, mantemento dos centros de saúde... son tamén áreas englobadas nestas liñas financeiras, onde a competencia municipal é moi cuestionable. A achega económica dos concellos está sendo crecente, para poder manter estes servizos, e por elo cabe cuestionarse nalgúns casos si realmente isto son subvencións da Xunta de Galicia aos concellos... Ou si pola contra, son os concellos os que por vía indirecta subvencionan á Xunta de Galicia na crecente parte que teñen que achegar.

Como aspecto positivo, hai que resaltar a creación do chamado Fondo de Compensación Ambiental, vinculado ao sector eólico, que supuxo un importante pulo económico para algúns concellos, e que pode ser unha das liñas a seguir nun futuro no marco do financiamento local, ampliado a outros sectores económicos a desenvolver na nosa Comunidade.

Na tributación local, podemos observar de xeito recorrente que se alude a termos como "anorexia", "anemia" ou "inhibición" para calificar a xestión dos concellos na materia, pero en excepcionais ocasións falamos da "capacidade o incapacidade para poder xerar as condicións idóneas que permitan ter unha tributación local forte e estable ", que en gran parte dependen das circunstancias particulares do territorio, alleas á xestión dos propios concellos, que permiten, nalgúns casos e en contextos determinados, ter uns sectores económicos que benefician de forma cuantiosa ás arcas locais.

Cabe tamén apuntar outra cuestión importante dentro do financiamento local (que afecta o gasto), os gastos de suplencia que asumen os concellos e os gastos "obrigatorios" sen capacidade de xestión. A través do Pacto Local, lográronse pequenos avances que se traduciron nunha mellor organización das competencias entre administracións, especialmente en materia sanitaria e educativa, pero segue sendo moi importante o custo que asumen os concellos nesta tipoloxía de gasto.

Ademais, nos últimos anos, as entidades locais recibiron novas obrigas, o que se traduciu nun incremento do gasto, dado que non se previu o financiamento preciso para o seu desenvolvemento.

O PRESENTE E O FUTURO

Analizando o avance de datos da liquidación de orzamentos dos concellos galegos para o ano 2011, podemos observar unha serie de cuestións que cremos debe servir para facer unha reflexión sobre os recursos dispoñibles e o reparto dos mesmos entre os distintos concellos.

Nun contexto xeral onde os recursos tradicionalmente son escasos, e no contexto específico actual, onde os recursos son aínda máis escasos, a distribución entre os distintos concellos semella excesivamente desigual.

De feito, a media de gasto global dos concellos foi de 800 € por habitante, pero atopamos un grupo de concellos que superan substancialmente os 1.000 € por habitante, e tamén un número importante de municipios que teñen un gasto inferior aos 600 € por habitante, con mención especial (pola porcentaxe notable que supón sobre o total) para o grupo de concellos situados entre 5.000 e 50.000 habitantes.

Non se debe obviar que, nalgúns casos, estes resultados son froito dunha xestión ineficiente, que xa se podía observar en anos anteriores, pero tamén temos determinados aspectos que se producen como consecuencia do problema estrutural permanente do financiamento local, e que se pon de manifesto nos últimos anos con especial virulencia, como consecuencia dos efectos derivados da crise económica.

Por elo, e sempre tendo en conta que tamén hai que medir e valorar obxectivamente a xestión interna de cada un dos concellos e a súa marxe de mellora en relación coa súa autonomía, e necesario empezar tamén a analizar dun xeito moi responsable a situación presente, as expectativas futuras de cada concello e, en base ás mesmas, adoptar as decisións oportunas, para poder xerar un equilibrio máis xusto e adecuado conforme a cada un dos contextos.

Deste xeito, e identificando as fortalezas e debilidades reais do noso sector local, e a través principalmente de liñas financeiras como a Participación nos Tributos do Estado o da Comunidade Autónoma, podemos dalgún xeito equilibrar a situación financeira dos concellos.

Finalmente, é xusto facer unha reflexión sobre o traballo desenvolvido polos nosos concellos nos últimos anos. Atendendo aos datos, é evidente que non foron os municipios os detonantes da crise. A pesares de ser receptores de moitos dos efectos, asumindo os problemas propios, e en moitos casos sufrindo tamén os alleos, as cifras nos din que no caso de Galicia, os concellos, de xeito xenérico, tiveron unha especial responsabilidade nos datos indicadores de solvencia, substancialmente mellores que a media estatal.

Especialmente complicado foi o ano 2012, no que as entidades locais foron sometidas a unhas medidas de axuste moi esixentes, polo que non cabe máis que agradecer o enorme traballo desenvolvido por todo o persoal dos concellos, que con medios escasos e enormes dificultades, están logrando cumprir os obxectivos, cremos que en gran medida, por ese especial carácter e implicación que teñen todos os traballadores que prestan o seu servizo nos concellos, nominalmente, neste caso, Secretarios e Interventores, sobre os que recaeu gran parte do peso das funcións dos axustes a realizar.

Entendemos que a radiografía xenérica realizada da situación financeira dos concellos deixa ver moitas cuestións positivas, pero tamén outras nas que existe moita marxe de mellora. Por elo, é necesario seguir traballando nos moitos retos que quedan por acometer no eido local, tanto dende o punto de vista dos propios concellos, como por parte da administración autonómica e estatal.

PROPOSTAS CONCRETAS

TRIBUTACIÓN LOCAL

- Promover medidas que propicien un incremento do grao de homoxeneización e equilibrio na tributación local.
- Establecemento e cobro dos servizos prestados, sen prexuízo do estipulado na normativa vixente.
- Promover medidas para lograr un incremento da eficiencia na xestión dos tributos locais.
- Clarificación da normativa tributaria local en diversos aspectos.



PARTICIPACIÓN INGRESOS DO ESTADO (PIE)

- Cambio do modelo actual reparto, para que os criterios que se utilicen doten dunha maior estabilidade ao financiamento dos concellos, corrixindo todas as ineficiencias que se puxeron de manifesto nestes últimos anos, e que xeraron importantes problemas na xestión de moitos concellos.
- Introdución de criterios obxectivos que midan o custo real que os concellos teñen que asumir no desenvolvemento das súas competencias: Inclusión dos criterios Entidades Singulares de Poboación, extensión do territorio e envellecemento poboacional para o cálculo do reparto da PIE para paliar os desequilibrios que actualmente se producen e incluso se incrementan entre as distintas áreas do Estado, e que finalmente están provocando unhas desigualdades evidentes e inxustas para os cidadáns de Galicia.



PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (PICA)

- Incremento da porcentaxe das partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia aos concellos, mediante a integración paulatina no Fondo de Cooperación Local das asignacións recorrentes que os concellos perciben.

MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS MUNICIPAIS

- Introdución de indicadores de calidade dos servizos có obxectivo final de lograr unha mellor eficiencia e eficacia na xestión global.
- Promoción de estudos específicos dos servizos de competencia local que sirvan como instrumento para a mellora da xestión nos distintos concellos.
- Promover a colaboración e cooperación das entidades locais na prestación conxunta de servizos.

FINANCIAMENTO E MARCO COMPETENCIAL

- Asunción definitiva por parte da Xunta de Galicia e o Estado dos custos que actualmente asumen os concellos en materias nas que non teñen competencia.
- Reordenación das competencias no senso de dotar aos concellos do financiamento preciso para acometelas e capacidade real de xestión para desenvolvelas.
- Adoptar medidas que permitan a estabilización permanente de servizos prioritarios para os cidadáns nos concellos.
- Adoptar medidas para compensar os desequilibrios existentes entre as distintas Entidades Locais.
- Incremento da participación dos concellos nos beneficios xerados no seu territorio.

"25 anos á vangarda do ***municipalismo***"

fegamp 25

www.fegamp.org

PREMIOS COOPERA

A sede da Fegamp acolleu o pasado 12 de decembro a entrega dos Premios Coopera, organizados pola Xunta, e que recoñecen as accións de asociacionismo entre concellos para a prestación de servizos aos seus cidadáns. O acto contou coa presenza do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e o seu vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda. O titular da Fegamp, José Manuel Rey, exerceu de anfitrión xunto aos vicepresidentes e ante o medio centenar de alcaldes e representantes do mundo local que se deron cita.

O primeiro premio, dotado con 40.000 €, recaeu no Consorcio das Mariñas polo seu sistema de mellora na eficiencia do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. En segundo lugar, o proxecto de xestión compartida do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos e salvaxes en catividade da Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol. E por último, a Mancomunidade do Ribeiro pola súa experiencia piloto de auditoría enerxética da flota de recollida de residuos urbanos e deseño dun software de cálculo da pegada de carbono coa que elaborar un plan de sensibilización para mellorar os índices de achega na recollida selectiva dos residuos urbanos.

As tres menciones especiais recaeron, pola súa banda, nas agrupacións Conca do Lérez, concellos de Ortegal e a Mancomunidade da Comarca de Ordes, polos seus respectivos proxectos en protección civil, centro de atención á muller e un sistema integral contra a violencia de xénero.

Na súa intervención, Rey Varela destacou que "nestes momentos de crise, os concellos están a saber facer os deberes" porque "a pesar de ser a administración que proporcionalmente máis está a sufrir a caída dos ingresos, os alcaldes e alcaldesas de Galicia están a facer o imposible porque iso repercuta o menos posible na prestación de servizos aos nosos veciños". "A colaboración e a cooperación entre concellos non só non debe ser limitada, senón que desde o resto de administracións públicas debe impulsarse en aras dunha maior eficiencia e aforro de recursos", destacou.

VISITA AO VALEDOR DO POBO

O presidente da Fegamp e alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela, realizou o pasado 21 de novembro a súa primeira visita institucional ao Valedor do Pobo, cargo que agora ostenta José Julio Fernández. Durante este encontro, Rey Varela e Fernández puxeron en común as principais reclamacións que, referidas ao ámbito municipal, recíbense na oficina do Valedor. Entre elas destacan as do control de ruídos nas zonas de lecer nocturno, unha preocupación crecente entre os cidadáns que cada vez máis reclaman o seu dereito ao descanso nas súas vivendas.

Ante esta problemática, o Valedor do Pobo expuxo ao presidente da Fegamp a posibilidade de colaborar na prestación de cursos formativos a técnicos e policías municipais nestas materias, e cubrir así o baleiro que existe ata o momento nesta área. Rey Varela aceptou a proposta, e avanzou que de cara aos próximos ciclos formativos que organizará a Federación, como cada ano, tentaranse incluír xornadas ou cursos sobre este ámbito, de modo que os concellos dispoñan de persoal especializado para atender as demandas dos veciños.

Ademais, José Julio Fernández felicitou aos concellos pola súa colaboración coa institución que representa á hora de responder ás peticións de información que realiza. Maioritariamente, indicou, valóranse as recomendacións do Valedor do Pobo para atender as queixas expostas polos galegos, o que pon de relevo a alta consideración que a cidadanía e os poderes públicos teñen deste órgano estatutario.

Fernández e Rey Varela abriron ademais a porta a colaboracións futuras que se poidan expor entre a Fegamp e o Valedor do Pobo, que sirvan para estreitar a unha federación que representa a todos os concellos e deputacións e unha institución que defende a todos os cidadáns de Galicia.

CONCELLOS SUSTENTABLES

A Fegamp defendeu o pasado 7 de novembro unha vez máis "a sustentabilidade e competitividade" dos concellos de Galicia, a pesar do "interesado discurso crítico" que está a xurdir aproveitando "o actual contexto de crise económica". Alfonso Villares, alcalde de Cervo e vicepresidente executivo da Federación, lembrou que "a cidadanía demanda uns servizos básicos e esenciais que só o municipio pode prestar desde a perspectiva da proximidade e a inmediatez", e cuxa calidade vinculou directamente "cun financiamento local xusto e suficiente".

Durante a súa intervención no Foro de Intercambio de Experiencias Sustentables, desenvolto en Santiago, Villares destacou que "o desempeño e compromiso das entidades locais é directamente proporcional á calidade dos servizos, vinculada estreita e obrigatoriamente cos servizos de financiamento local". Ao seu xuízo, "a fórmula de Participación nos Ingresos do Estado está a demostrarse insuficiente para prestar os servizos propios e impropios", e reiterou a postura da Fegamp de que o sistema se actualice aproveitando a reforma da Lei de Bases de Réxime Local. "As federacións territoriais estamos a botar de menos que o Goberno poña enriba da mesa un novo modelo", apuntou.

Aproveitando a presenza de representantes do Eixo Atlántico, Alfonso Villares puxo en valor os logros que o municipalismo galego ten conseguido durante os últimos anos, e especialmente o Pacto Local. "Mentres outras federacións reclaman de forma persistente un mecanismo de participación nos ingresos da comunidade, aquí levamos anos consolidando o Fondo de Cooperación Local", que nos últimos anos blindou a súa contía a pesar da caída na recadación dos tributos por parte da Xunta. "Aspiramos a que en 2013 se manteña esa dinámica de manter as cifras dos dous últimos exercicios", agregou o rexedor de Cervo.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NOVA CONVOCATORIA DO CONVENIO FEGAMP-USC

A Fegamp e a USC asinaron o día 30 de maio de 2012 un convenio de colaboración para que o alumnado da universidade compostelá poida realizar prácticas profesionais nos concellos galegos e deputacións que se sumen ao acordo.

O obxecto do convenio é, abrir as portas e facilitar que os estudantes da USC poidan desenvolver as súas prácticas cunha dobre finalidade: perfeccionar a súa formación e especialización nunha área tan particular como é o municipalismo galego, e por outro, lograr os créditos necesarios para finalizar os seus estudos.

A novidade deste convenio marco é que non se cingue exclusivamente a unha ou outra Facultade, senón que abarca **á totalidade de titulacións da USC**. Isto permitirá que os concellos e deputacións interesados en contar con alumnos en prácticas só teñan que cumprimentar unha folla de adhesión, e non asinar convenios con cada facultade, como se viña facendo. Trátase dunha simplificación administrativa notable.

Unha vez remitida a adhesión, a Fegamp a trasladará ás distintas Facultades para que se elaboren as convocatorias correspondentes. A carga lectiva das prácticas realizarase conforme ao establecido nos plans de estudo correspondentes, computándose un crédito por cada 25 horas de prácticas. A USC seleccionará ao estudantado interesado consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

A través da nosa páxina web (www.fegamp.org) no banner situado á marxe dereita **BOLSAS DE PRÁCTICAS USC-CONCELLOS**, imos potenciar unha bolsa de prazas en colaboración cos servizos da USC para estudantes en prácticas.

Se o seu Concello está interesado neste Convenio, pregámoslle remita á Fegamp o oficio de adhesión (ANEXO I) que atopará no devandito banner, para iniciar o antes posible o procedemento. Para máis información: Maite Barallobre 981 555 999.

FONDO GALEGO

Unha rede de institucións e persoas.

Durante o ano 2012 o Fondo Galego conmemorou os seus primeiros 15 anos de vida como política pública cooperativa desde o mundo local. No contexto de crise e abruptas reestruturacións de gasto aproveitamos esta data como punto de inflexión para reflexionar sobre o seu traballo, o modelo de funcionamento da asociación ou os resultados conseguidos pola mesma.

Tamén, coma *un aniversario* que valorizase o coñecemento acumulado polo Fondo (e sobre a propia asociación, coma a maior rede sectorial do municipalismo galego) dentro dos propios socios, entre as distintas institucións da Autonomía e diante da propia cidadanía e as ONGD. O Fondo é unha rede de institucións e persoas, e o factor humano especialmente relevante na toma de decisións en tempos de incerteza e reestruturacións de gasto.

O modelo da asociación, non personalista, sempre austero e transpartidario, deixa unha historia tras de si única e excepcional no contexto galego, en canto á capacidade de crecemento e inclusións, e o traballo interinstitucional desde o mundo local, provincial e autonómico, capacitando á asociación para aproveitar sinerxías na procura de eficacias e eficiencias.

A súa forma en canto partenariado público/privado entre autoridades locais e a sociedade civil, é tamén premiada a nivel comunitario, dándolle a asociación unha estrutura técnica de calidade e unha estabilidade imprescindible para a definición dunha ferramenta estratéxica da acción exterior galega, que foi presentada co patrocinio da UE durante o 2012 en Alemaña e Portugal.

Os resultados conseguidos nestes 15 anos de experiencia e os recoñecementos recibidos, fortemente vinculados ao modelo, dan boa conta destas ideas e principios organizativos cos que naceu o Fondo Galego.

Na nosa proxección exterior tecemos pontes estables de cooperación e solidariedade con autoridades locais de Cabo Verde, Nicaragua, Perú e Cuba, das que temos aprendido e coas que temos colaborado no seu camiño ao desenvolvemento local e humano.

Tamén en Galicia temos impulsado por todo o territorio unha cultura de Dereitos Humanos, dunha banda cofinanciando proxectos das ONGD que traballan nos nosos Concellos, mais tamén por medio das nosas actividades de educación e sensibilización social, coma espectáculos culturais, exposicións, charlas, ciclos de cine, ou o programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo.

Esta capacidade de mobilización social ten a súa base organizativa na *Rede Municipalista Solidaria*, que durante o 2012 foi capaz de artellar actividades 80 actividades en 64 Concellos socios, ofrecendo así un *servizo de educación para a cidadanía global*, dispoñible especialmente para os departamentos de educación, benestar e cultura.

Durante o 2013 un documental sobre a historia do Fondo Galego circulará polos Concellos socios xunto ao resto de actividades que ofertaremos. Será unha ocasión magnífica para coñecer mellor o que o Fondo Galego representa en Galicia e no mundo.

En tempos de crise compromiso coa cooperación, a solidariedade e o noso desenvolvemento institucional. Seguimos na andaina e contamos contigo.

Únete e participa!

FORMACIÓN CONTINUA

Informe análise de necesidades de formación continua.

01 Introdución

A formación é un aspecto dinámico na carreira profesional dos individuos que nos acompaña de forma continua e permanente por elo as Administracións Públicas actuais han de incorporar unha estratexia de formación que permita responder con prontitude aos rápidos cambios que se producen na sociedade. Se queremos que as Administracións Locais sexan de verdade entidades próximas ao cidadán é imprescindible contar con empregados públicos de calidade, ben formados e atentos ás necesidades que xera a sociedade.

Dende a FEGAMP se fixo preciso e necesario como se detalla no informe que presentamos adecuar os nosos plans de formación ás necesidades, problemas, aspiracións e retos das entidades locais de Galicia.

02 Modelo de análise

O traballo de análise realízase dun xeito estruturado, en primeiro lugar, cuns interlocutores que nos proporcionan a información que despois de procesada e tratada converterase, se procede, en accións formativas utilizando, para iso, uns métodos e/ou ferramentas de recollida de información, a través dos cales os distintos axentes intervenientes nos proporcionan a información que necesitamos e non esquecemos; por último existen uns destinatarios da formación que son os actores ou protagonistas principais do noso plan formativo.

VISIÓN DE FUTURO: CAPACIDADE DE ANTICIPACIÓN

O noso traballo non é soamente xestionar a formación, senón conseguir que con ela se resolvan os problemas. O que pretendemos é recibir información, non só sobre os problemas que xa se formularon, senón que intentamos coñecer as previsións futuras dos servizos, os seus posibles cambios organizativos e todas aquelas variables certas ou previsibles que poidan axudarnos a nós e a eles, cada un no seu ámbito de responsabilidade, a que os cambios se realicen dun xeito suave, sen brusquidades innecesarias.

OS NOSOS INTERLOCUTORES

Trátase dun dos puntos máis importantes do noso modelo xa que son eles os que nos van proporcionar unha inestimable axuda, posto que espacialmente áchanse en primeira liña.

1. **Responsables dos servizos e unidades das entidades locais**

   Con eles establecemos contactos máis ou menos directos en función de distintas variables, como pode ser o tamaño dos distintos servizos ou unidades, a súa demanda específica, as súas competencias dentro da propia estrutura organizativa, etc.

2. **Prescriptores de formación dos Concellos e demais Entidades Locais**

   Dentro da figura de prescriptor de formación inclúense interlocutores, tales como: Decisores políticos, Secretarios, Xefes Servizo, etc. Todos eles colaboran connosco durante todo o exercicio e moi especialmente á hora de proporcionarnos a información necesaria para a elaboración do noso Plan de Formación anual. Eles coñecen como ninguén a súa organización e transmítennos unha valiosa información ao respecto.

3. **As Organizacións Sindicais**

   Todos eles nos trasladan información que eles mesmos recollen, cada un no seu ámbito de actuación. Os representantes rexionais interésanse polos empregados públicos da nosa CC.AA, precisamente alí onde a dispersión e separación xeográfica podería facer máis difícil que nós obtivésemos información engadida á que nos proporcionan os responsables locais citados no apartado anterior.

   Os representantes dos traballadores atópanse nunha posición inmellorable para coñecer, de primeira man, as necesidades individuais que poidan formular os traballadores das distintas organizacións e constitúen, a través das propostas que realizan, unha importante fonte de información para o noso traballo.

4. **Os Empregados Públicos da Administración Local**

   Aínda que, como queda dito, nos transmiten información sobre as súas necesidades a través dos interlocutores citados anteriormente, tamén o fan individualizadamente e de forma directa, a través dos Cuestionarios de Estudios de Necesidades de Formación e dos Cuestionarios de Satisfacción que, ao rematar cada unha das accións formativas que programamos, se entregan aos asistentes para que os cumprimenten.

03 Traballo de campo

INSTRUMENTOS UTILIZADOS

- **Cuestionarios xenéricos: prescriptores e empregados públicos**
- **Entrevistas/reunións**
- **Cuestionarios de avaliación da satisfacción**

O cuestionario de satisfacción que os asistentes ás nosas accións formativas cumpren ao finalizar cada edición inclúe unha pregunta aberta que pretende recoller as súas necesidades formativas, dunha forma directa.

>

- **Outras fontes de recollida de información**

Ademais dos instrumentos de análises expostas debemos considerar outras vías recadadoras de información; a saber:

- A demanda insatisfeita procedente do exercicio anterior.
- Os posibles cambios normativos que poidan influír nas nosas organizacións.
- As queixas e suxestións formuladas polos nosos usuarios.
- Opinións e recomendacións de asesores expertos en materias concretas.
- As propostas formuladas polos formadores a partir do "feed-back" que reciben nos cursos.

SÍNTESE

Como resultado de todo o traballo anterior, a proposta de Plan interadministrativo de formación continua que presentamos inclúe unha alta porcentaxe de accións formativas novas, modificadas ou actualizadas.

Xunto a elas, reedítanse outras de plans anteriores obedecendo a causas tales como:

- Existir demanda sen atender de convocatorias anteriores.
- Detectarse a súa necesidade en exercicios anteriores e non se poder convocar por non ter finalizado o deseño ou outras causas organizativas: dispoñibilidade de aulas, orzamentarias, etc..
- Detectarse a necesidade dun curso de perfeccionamento ou un nivel avanzado, unha vez finalizadas as edicións básicas.

Con estas accións formativas pretendemos cumprir os obxectivos que a continuación relacionamos:

- Propiciar o aumento do nivel de calidade na prestación dos servizos.
- Favorecer a implantación do regulado pola lexislación vixente, así como a comprensión e aplicación das normas legais novas ou modificadas.
- Impulsar a posta en marcha da Administración Electrónica.
- Facilitar a informatización de novas oficinas/concellos, así como os cambios e novas versións de software.
- Implementar a modernización de unidades administrativas.
- Favorecer a actualización, cualificación e reciclaxe de diversos colectivos coa finalidade de mellorar o seu desempeño profesional e desenvolvemento persoal.

INFORME CUESTIONARIO PRESCRIPTORES: ALCALDES

O 19-11-2012 remitiuse, pola Área de Formación Continua da FEGAMP, 315 cuestionarios a Alcaldes e 4 a Presidentes de Deputación de Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de solicitar máis e mellor información para efectuar a detección, análise e diagnóstico das necesidades de formación de cara ao ano 2013.

O 30-11-2012, deuse por finalizado o período de recepción do mencionado documento e, deseguido, comezouse co seu estudio. Do tratamento realizado sobre os 30 cuestionarios recibidos, despréndense os datos que a continuación se relacionan.

En canto á **distribución territorial dos Prescriptores** (alcaldes) de formación, que participaron na detección de necesidades para o plan interadministrativo 2013, destaca en primeiro lugar a provincia de Pontevedra (11 alcaldes). Con respecto á participación no resto de provincias mantívose en porcentaxes homoxéneas; a saber: Ourense (4), Lugo (8) e A Coruña (7).

A información que precede queda reflectida nos gráficos que acompañamos:

Gráfico 1: Resultado enquisas prescriptores das entidades locais

CUESTIONARIOS ENVIADOS (universo)	CUESTIONARIOS RECIBIDOS (mostra)	PORCENTAXE PARTICIPACIÓN (%)
319	30	9,4 %

Gráfico 2: Distribución territorial prescriptores: alcaldes



INFORME CUESTIONARIO PRESCRIPTORES: HABILITADOS NACIONAIS

O 19-11-2012 remitiuse, pola Área de Formación Continua da FEGAMP, 150 cuestionarios aos Habilitados Nacionais das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de solicitar máis e mellor información para efectuar a detección, análise e diagnóstico das necesidades de formación de cara ao ano 2013.

O 30-11-2012, deuse por finalizado o período de recepción do mencionado documento e, deseguido, comezouse co seu estudio. Do tratamento realizado sobre os 14 cuestionarios recibidos, despréndense os datos que a continuación se relacionan.

En canto á distribución territorial dos Prescriptores (Habilitados Nacionais) de formación, que participaron na detección de necesidades para o plan interadministrativo 2013, destaca en primeiro lugar a provincia de Ourense (6 Habilitados). Con respecto á participación no resto de provincias mantívose en porcentaxes homoxéneas; a saber: Pontevedra (2), Lugo (4) e A Coruña (2).

A información que precede queda reflectida nos gráficos que acompañamos:

Gráfico 1: Resultado enquisas prescriptores das entidades locais

CUESTIONARIOS ENVIADOS (universo)	CUESTIONARIOS RECIBIDOS (mostra)	PORCENTAXE PARTICIPACIÓN (%)
150	14	9,3 %

Gráfico 2: Distribución territorial prescriptores: habilitados nacionais



PROPOSTAS FORMATIVAS CENTRAIS SINDICAIS

CENTRAL SINDICAL	ACCIÓNS FORMATIVAS	SUXESTIÓNS
CSI·F	- Protocolo de actuación nos casos de violencia de xénero para a policía local - Curso para que o persoal de axuda a domicilio poida obter a tarxeta profesional - Relacionadas coas áreas de contabilidade, tributación, nóminas,	- Insistimos na necesidade de dar máis formación ós grupos e categorías que acaparan un maior número de persoal, sen descoidar ó resto de persoal. - Realizar accións formativas cando sexa posible en sistema on-line e a distancia.
CC.OO	- Linguaxe administrativo. Nivel medio - Linguaxe administrativo. Nivel superior - Produtos de limpeza. - Contratación administrativa. - Cursos de oficios.	- Nos cursos de oficios é unha petición para o persoal laboral e non cargar excesivamente os cursos para persoal funcionario de oficina xa que detectamos unha carencia case absoluta de formación destinado ó persoal laboral da administración local.
UGT	- Mediación familiar, dependencia, inserción sociolaboral, igualdade. - Xestión de postos de traballo, contratación persoal laboral, EBEP. - Xestión das subvencións e do orzamento na administración local. - Lei de contratos.	- Seguir apostando e potenciando a formación "en liña".

TÁBOA-RESUMO EXECUCIÓN PLAN FORMACIÓN CONTINUA 2012

NOME DO CURSO	SOLICITUDES	PRAZAS	SEN PRAZA	ADMITIDOS	APTOS	TIPO CURSO
Actividades de promoción, xestión e difusión de banda deseñada nas bibliotecas públicas (modalidade on line)	58	25	32	26	19	On line
Procedemento administrativo nas AA.PP. Nivel avanzado (modalidade on line)	226	50	171	55	43	On line
Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal nas AA.PP. (mod. On line)	173	50	121	52	46	On line
Axente de igualdade de oportunidades (modalidade on line)	166	50	115	51	47	On line
Técnico en servizos sociocomunitarios: desenvolvemento local e emprego (modalidade on line)	196	50	143	53	35	On line
Mediación familiar na atención ás persoas dependentes (modalidade on line)	122	50	65	57	41	On line
Incidencia da reforma laboral nas AA.PP. (modalidade on line)	155	50	102	53	38	On line
Fondos europeos e xestión internacional (modalidade on line)	100	20	76	24	17	On line
Novidades na lei de contratos do sector público (modalidade on line)	166	50	112	54	51	On line
Redes sociais e administración local (modalidade presencial)	30	15	0	28	11	Presencial
Taller de subvencións no ámbito local (modalidade presencial)	34	20	0	34	10	Presencial
Endebedamento local e xestión orzamentaria (modalidade presencial)	24	20	0	24	16	Presencial
Formas de prestación, contratación, control e avaliación dos servizos locais (modalidade presencial)	24	20	0	24	12	Presencial
Técnicas de xestión de equipos de traballo en entidades de servizos sociais (modalidade presencial)	24	15	5	19	6	Presencial
Lexislación do solo, urbanismo e territorio (modalidade presencial)	48	15	19	29	12	Presencial

AXUDAS E SUBVENCIÓNS A CONCELLOS

BOE Nº 4
VENRES, 4 DE XANEIRO DE 2013

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Resolución do 27 de decembro de 2012, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se convocan para o exercicio 2013 subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas.

OBXECTO

Mediante esta resolución se convocan para o ano 2013 as axudas destinadas ao financiamento de plans de formación para o emprego promovidos pola Administración Xeral do Estado, das entidades locais, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), as federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico e as organizacións sindicais, no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas, do 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), e de acordo coas bases reguladoras aprobadas mediante a Orde TAP/3351/2010, de 22 de decembro.

BENEFICIARIOS

No eido da Administración local:

a) Os concellos, deputacións provinciais, cabildos, consellos insulares e outras entidades locais recoñecidas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

b) A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e as federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico lexitimamente constituídas, ao amparo do previsto na disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

a) Plans unitarios.

Os plans unitarios caracterízanse por afectar ao persoal de unha soa Administración pública con, ao menos, 200 empregados públicos, independentemente das unidades ou órganos que inclúan. No eido En da Administración Xeral do Estado, os departamentos ministeriais poderán promover plans unitarios de carácter interdepartamental cando teñan carácter transversal e estean destinados, ao menos, a 200 empregados públicos e así o xustifiquen na súa solicitude.

b) Plans agrupados.

Os plans agrupados caracterízanse por afectar ao persoal de dous ou mais entidades locais das referidas que agrupen conxuntamente, ao menos, a 200 empregados públicos. Poderán ser promotores de plans agrupados as propias entidades locais e as asociacións ou federacións. Só se poderá participar nun plan agrupado.

c) Plans interadministrativos.

Os plans interadministrativos caracterízanse por estar destinados non só ao persoal da Administración promotora, si non tamén aos empregados públicos de outras Administracións. Os plans promovidos polas organizacións sindicais serán, en todo caso, interadministrativos.

- No eido da Administración local, as entidades locais poderán dividir a súa plantilla para poder solicitar un plan unitario e/ou adherirse a un único plan agrupado, de tal maneira que a suma dos efectivos imputados a cada un dos plans nunca poderá ser superior a súa plantilla total.
- Os plans de formación estarán integrados por actividades formativas propiamente ditas e, adicionalmente, por actividades complementarias en materia de información, divulgación e fomento da participación, estudios de detección de necesidades, deseño de metodoloxías e ferramentas aplicables ós programas formativos, elaboración e adquisición de documentación, investigación, asesoramento, avaliación de procesos formativos e do impacto da formación no desempeño, e cantas outras teñan relación có programa de Formación para o Emprego das Administracións Públicas.

PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 31 de xaneiro de 2013. As solicitudes cumprimentaranse e presentaranse de forma electrónica a través do Portal FEDAP, accesible a través da páxina web do INAP www.inap.es a través da icona «Promotores de formación AAPP», para o cal é preciso que o promotor estea previamente rexistrado en dito portal.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2013.

OBXECTO

A Deputación Provincial da Coruña, a través da presente convocatoria pretende apoiar aos concellos e outras entidades locais da provincia na creación ou no mantemento das actividades e dos programas que desenvolvan en materia de servizos sociais. As entidades poderán solicitar axudas para gastos de mantemento, programas e promoción de actividades.

BENEFICIARIOS

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria todas as entidades locais da provincia: concellos, organismos autónomos municipais, mancomunidades, consorcios e outras agrupacións de municipios, sendo incompatible para cada un dos concellos facer solicitudes a nivel individual e ao mesmo tempo de forma agrupada, cando se trate do mesmo servizo e programa. As entidades locais poderán solicitar un máximo dunha subvención, é dicir, un só programa dos que se citan.

A Deputación Provincial da Coruña poderá conceder ata un máximo de 45.000,00 € para a materia de servizos sociais. A contía das subvencións poderá acadar o total do custo das actividades de mantemento obxecto das peticións. Non se subvencionarán actividades que supoñan subvencionar a outras entidades.

TIPO DE AXUDAS

As materias dos servizos sociais abarcan, tanto os servizos sociais comunitarios básicos definidos na Lei 13/2008 art.10 e 11, e comunitarios específicos definidos na Lei 13/2008 art.14.1 e 14.2, coma os servizos especializados contemplados na Lei 13/2008 art. 12, de titularidade municipal, podendo pedir para un só programa (que se corresponda cun só código), de entre os que se citan a continuación:

Programas e servizos sociais comunitarios básicos

CCB-1. Programa de valoración, orientación e información.

CCB-2. Servizo de axuda no fogar.

CCB-3. Servizo de educación e apoio familiar.

CCB-4. Programa básico de inserción social.

CCB-5.Programa de fomento da cooperación e solidariedade social.

Servizos sociais comunitarios específicos

CCE-1. Centros enfocados á prevención e á atención de persoas en risco de exclusión, en particular, os centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como albergues, centros de acollida, comedores sociais, centros de atención continuada e centros de día de inclusión social.

CCE-2. Programas enfocados á prevención e á atención de persoas en risco de exclusión mediante equipos de inclusión sociolaboral e proxectos específicos enfocados, entre outros, a persoas perceptoras de rendas mínimas de inserción, persoas sen fogar, inmigrantes, emigrantes retornados, comunidade xitana e outras minorías socialmente vulnerables.

CCE-3. Centros e servizos de atención diúrna ou nocturna para a atención de persoas maiores ou con limitacións na súa autonomía.

CCE-4. Centros ocupacionais para a atención de persoas con discapacidade, así como o apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá.

CCE-5. Equipamentos e servizos que faciliten a atención das persoas maiores e a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal.

CCE-6. Centros e instalacións de atención da primeira infancia que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.

CCE-7.Programas e/ou servizos de asesoramento, atención e orientación prestada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

CCE-8. Equipamentos e programas orientados a atención psicosocial, intervención socioeducativa, actividades de tempo libre, promoción de actividades saudables, formación en habilidades sociais ou outros que contribúan á súa integración familiar e comunitaria para a atención a menores de idade en situación de risco ou conflito social.

CCE-9. Equipamentos que favorezan un ámbito de convivencia alternativa nos casos de necesidade temporal tecnicamente valorada.

CCE-10. Outros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores de poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Servizos sociais especializados

CE-1. Área de familia, infancia e mocidade.

CE-2. Área de diversidade funcional

CE-3. Área das persoas maiores

a. Neste código incluiranse como norma xeral proxectos e servizos distintos dos que están comprendidos na convocatoria específica de actividades de envellecemento activo para as persoas maiores 2013.

b. Excepcionalmente aqueles proxectos de envellecemento activo que excedan a contía solicitada de 3.000 euros, presentarán unha única solicitude a través desta convocatoria xeral (neste código), quedando excluídos de poder participar na convocatoria de envellecemento activo.

CE-4. Área das drogodependencias e outros trastornos aditivos

CE-5. Área de migracións

CE-6. Área de prevención da delincuencia e inserción social de persoas ex-internas.

CE-7. Outros colectivos de persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social e/ ou laboral.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña, www.dicoruna.es.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido. Para presentar a solicitude de xeito telemático é imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica: a persoa designada como representante, para o envío da solicitude ao rexistro telemático; ea secretaría e a Alcaldía para asinar a documentación que se achega coa solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 15 de xaneiro de 2013 e rematará antes das 00:00 horas do día 16 de febreiro de 2013.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2013.

OBXECTO

O obxecto da convocatoria de este tipo de axudas por parte da Deputación Provincial da Coruña, é apoiar os concellos e outras entidades locais da provincia, na creación ou no mantemento das actividades e dos programas que desenvolvan en materia de servizos sociais, de fomento das políticas de igualdade entre mulleres e homes, así como de loita contra a violencia de xénero.

BENEFICIARIOS

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria todas as entidades locais da provincia: concellos, organismos autónomos municipais, mancomunidades, consorcios e outras agrupacións de municipios, sendo incompatible para cada un dos concellos facer solicitudes a nivel individual e ao mesmo tempo de forma agrupada, cando se trate dun mesmo proxecto. A Deputación Provincial da Coruña poderá conceder ata un máximo de 40.000,00 € para a materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero. A contía das subvencións poderá acadar o total do custo das actividades de mantemento obxecto das peticións. Non se subvencionarán actividades que supoñan subvencionar a outras entidades.

TIPO DE AXUDAS

CI- PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

CI-1 PLANIFICACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO

- Elaboración, publicación, difusión e avaliación final dos Plans municipais de igualdade.
- Proxectos de investigación e/ou estudo-diagnóstico territorial sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

CI-2 EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

- Programa formativo ou de sensibilización sobre a importancia da representación equitativa e a participación activa das mulleres nas institucións/asociacións e órganos de toma de decisións tanto do ámbito público coma privado.

CI-3 FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO

- Programa de actividades coeducativas no ámbito comunitario, especialmente dirixidos á poboación infantil e xuvenil en colaboración cos centros educativos, coas ANPAS, etc.
- Programa de actividades de comprensión da maternidade como función social que incidan na necesidade de evitar os efectos negativos sobre os dereitos das mulleres en igualdade de oportunidades.

CI-4 FOMENTO DO EMPREGO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- Programas formativos de mellora da empregabilidade das mulleres que inclúan itinerarios personalizados e/ou desenvolvan accións de acompañamento e/ou axuda á busca de emprego: dirixidos a mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social con unha duración mínima 30h.
- Programas de fomento do cooperativismo ou autoemprego, dirixido principalmente a mulleres do medio rural, en actividades vinculadas ás potencialidades da contorna, e a procura dun medio rural sustentable.

CI-5 CONCILIACIÓN E RESPONSABILIDADES COMPARTIDAS

- Programas e/ou servizos de conciliación: dirixido a nenas e nenos de ata 12 anos; ofrecerase fóra do horario escolar, en horario laboral e durante ou abarcando todos os períodos de vacacións; contará con persoal especializado para a realización de actividades e atencións.

CV- PROGRAMAS LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

CV-1 PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- Programas e/ou actividades de sensibilización, prevención e identificación da violencia de xénero en calquera das súas manifestacións, no ámbito comunitario.
- Programas formativos sobre intervención en materia de violencia de xénero: dirixido a profesionais que interveñen, directa ou indirectamente, na atención a persoas en risco ou en situacións de violencia de xénero con unha duración mínima de 30h.

CV-2 TRATAMENTO INTEGRAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Programas de intervención/tratamento integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero e coas súas fillas e fillos e das persoas que delas dependan.
- Protocolos e/ou estruturas de coordinación interinstitucional de cara á prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero e protección das persoas en situacións de violencia de xénero e das persoas que delas dependan.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña, www.dicoruna.es.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido. Para presentar a solicitude de xeito telemático é imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica: a persoa designada como representante, para o envío da solicitude ao rexistro telemático; ea secretaría e a Alcaldía para asinar a documentación que se achega coa solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 15 de xaneiro de 2013 e rematará antes das 00:00 horas do día 16 de febreiro de 2013.

EXPERTOS EN EL CICLO INTEGRAL DEL AGUA

Aquagest
www.aquagest.es

AQUALOGY
www.aqualogy.net

Tenemos las soluciones y tecnologías que mejor se adaptan a los procesos de gestión del agua en su actividad

Medio Ambiente

Potabilización / Depuración / Desalación
Calidad de Aguas y Control Ambiental
Drenaje y Alcantarillado de Recursos
Construcción, Automatización y Gestión de Infraestructuras Hidráulicas
Hídricos y Reutilización
Aguas Industriales
Eficiencia Energética
Regadío
Eficiencia de Redes

Soluciones y Tecnologías

Aquacis
BPO Cadena de Suministro
Otros IT
Telelectura de contadores
BPO Comercial Nacional
BPO Contadores
SegurAgua

ADN

Máster en tecnología y gestión del agua
Gestión del conocimiento

Aquagest Santiago de Compostela
Avda. Rodrigo de Padrón nº 2, 1er piso
15705 Santiago de Compostela
Tel 981 561 888 / Fax 981 554 911

Apoyamos la cultura para poder vivirla juntos.

En Telefónica nos esforzamos a diario para promover, conservar y difundir nuestro patrimonio común. Ofrecemos todo nuestro apoyo a las principales instituciones culturales de España para poder invitarte a disfrutar de una cultura llena de matices, donde conviven todas y cada una de las expresiones que nos hacen ser lo que somos.

Transformamos el presente para construir el futuro.

Telefónica